

Código do documento	Código do expediente
USG13I00BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
462W 713O 5X2E 075P 0BCF	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE ABRIL DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do día tres de abril do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 25 DE MARZO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de marzo de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Taibo Monelos, Pombo Carril, Varela Corbelle, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra e Figueroa Fuentes) e coa abstención do Sr. concelleiro, Suárez García, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 25 de marzo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 11 de marzo de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e se procede á súa convocatoria (código de procedemento IN223A). DOG núm. 59 do 26-03-2019.
- Resolución do 14 de marzo de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para

Código do documento	Código do expediente
USG13I00BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
462W 7130 5X2E 075P 0BCF	

os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (Diario Oficial de Galicia número 97, do 23 de maio). DOG núm. 26-03-2019.

- Anuncio do 7 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa ao titular da referencia catastral 9871405NH4997S ao que non foi posible a práctica da comunicación. (Expediente: UME/2018/450, Propietario: B.H.T.C.). DOG núm. 60 do 27-03-2019.
- Resolución do 18 de marzo de 2019, do Consello de Contas de Galicia, pola que se dá publicidade do Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na Administración local de Galicia. DOG núm. 61 do 28-03-2019.
- Anuncio do 20 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á corrección de erros en planos do Plan especial de equipamento en solo rústico do Sporting Club Casino. DOG núm. 63 do 01-04-2019.
- Orde do 15 de marzo de 2019, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2019 (código de procedemento CT236A). DOG núm. 63 do 01-04-2019.
- Anuncio do 13 de marzo de 2019, da Deputación Provincial da Coruña- de aprobación da modificación do modelo de acordo a adoptar polas entidades locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña e do modelo de convenio que se ha subscribir ente a Deputación Provincial da Coruña e as Entidades Locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación da Coruña, co fin de adaptalo á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. BOP núm. 59 do 27-03-2019.
- Resolución do 22 de marzo de 2019, da Deputación Provincial da Coruña- pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO106: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo, durante o ano 2019. BOP núm. 59 do 27-03-2019.
- Anuncio do 18 de febreiro de 2019, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 18 de febreiro de 2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 61 do 29-03-2019.
- Anuncio do 22 de febreiro de 2019, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 22 de febreiro de 2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 61 do 29-03-2019.
- Anuncio do 4 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos, o día 1 de marzo de 2019 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 61 do 29-03-2019.
- Anuncio do 18 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, de delegación do exercicio da competencia, na concelleira D.ª Penélope López Díaz, para a celebración do matrimonio civil entre M.S.R. e J.V.B. o día 16-03-2019 ás 14.30 horas. BOP núm. 61 do 29-03-2019.
- Anuncio do 27 de marzo de 2019, do Concello de Culleredo, de elevación a definitiva da proposta do Tribunal Cualificador do día 10-01-2019, pola que se declara os que superaron o proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de policía local (mobilidade). BOP núm. 63 do 02-04-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13100BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
462W 7130 5X2E 075P 0BCF	

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIONS DO 25 DE MARZO DE 2019

Resolución núm 440.- Declarando a caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística que se incoou por Resolución número 2191 do 16.12.2014 polas obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar que se estaban a executar no ámbito do Plan especial do Aeroporto da Coruña, sen contar coa correspondente licenza municipal, na parcela coa referencia catastral 9939105NH4993N0001GA situada na avenida Fontemaior, da parroquia de Culleredo, obras consistentes na demolición interior, nova distribución e execución case concluída dunha construción auxiliar anexa á lindante (AENA) dunha lonxitude estimada de 40 metros de largo, e dando traslado das actuacións que se levaron a cabo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, segundo o que dispón o artigo 155 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aos efectos previstos na lexislación urbanística.(exp. UAU/2014/774).

RESOLUCIÓN DO 27 DE MARZO DE 2019

Resolución núm. 449.- Primeiro aprobando a devolución da fianza depositada por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. en concepto de fianza para responder de posibles danos sobre a urbanización existente na Avda. Coruña, núm. 2, parroquia de O Burgo, segundo dando conta da presente resolución aos servizos de intervención e Tesouraría. (exp. UAU/2017/141).

Resolución núm. 450.- Concedendo a J.A.B.L. e B.B.C. licenza municipal de obras para ampliación de vivenda e legalización de edificacións existentes, na parcela situada no Lugar de Vilar, parroquia de Sueiro, (exp. UAU/2018/621).

Resolución núm. 451.- Concedendo a J.M.C.V. e B.B.B. licenza municipal de obras para construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño (exp. UAU/2018/302).

Resolución núm. 452.- Concedendo a S.M.A.M. e J.M.R.G. licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar e un peche na parcela situada no Lugar de Souto, parroquia de Orro (exp. UAU/2018/540).

Resolución núm. 453.- Denegando a licenza de obras que solicitou L.G.S. para a legalización da reforma dunha nave agrícola situada no lugar de O Couso, parroquia de Ledoño. (exp. UAU/2016/540).

Resolución núm. 454.- Aprobando a devolución do aval deposito pola COMUNIDADE PROPIETARIOS DA AVDA. FONTECULLER 31-33, en concepto de fianza para responder de posibles danos sobre a urbanización existente na Avda. de Fonteculler, 31-33, parroquia de Rutis,(exp. UAU/2014/581).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de marzo de 2019, a comunicación previa presentada por J.A.S.R., para obras de acondicionamento local sin uso, situado en Avda. de Galicia, núm. 26 Baixo, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/443).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 29 de marzo de 2019, a comunicación previa presentada por J.J.D.B., para construción dun peche de 43,77 Ml. e 1,80 M.a., no lugar de Avilleiras, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2018/631).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 29 de marzo de 2019, a comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS ROI XORDO NÚM. 11, para obras de illamento fachada no edificio mediante sistema SATE situado en Roi Xordo núm. 11, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/693).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 01 de abril de 2019, a comunicación previa presentada por J.M.S.B., para obras de limpeza e reposición puntual de tellas deterioradas da cuberta edificio situado na Rúa Gumersindo Pereira Nouche núm. 1, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/691).”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
12/03/19	381	Conceder unha axuda económica.	M.I.M.L	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro 2018 (300 €), xaneiro 2019 (300 €), febreiro 2019 (300 €) e marzo 2019 (72,99 €). Pago do recibo de auga correspondente ao 3º trimestre do ano 2018.	972,99 € 102,69 €
20/03/19	431	Conceder unha axuda económica.	B. B. R.	Pago de aluguer, correspondendo 380 € os meses de febreiro e marzo e 315,68 € o mes de abril.	1.075,68 €
20/03/19	432	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M. A. M.	Pago do recibo de electricidade, correspondente a un mes de 2019. Pago do recibo de auga, correspondente ao cuarto trimestre de 2018. Pago do recibo de gas, correspondente ao mes de xaneiro de 2019.	15,90 € 58,08 € 81,4 €
20/03/19	433	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de bono bus correspondente ao mes de decembro de 2018, que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.	33,81 €
20/03/19	434	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.M.P	Pago do recibo de luz correspondente ao período de 14 de xuño de 2018 a 30 de xuño de 2018 que lle será aboado	19,45 €

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I00BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 462W 7130 5X2E 075P 0BCF	

				mediante talón bancario nominativo.	
20/03/2019	435	Declarar o desestamento das axudas solicitadas	M.G.R.L.	Abono recibo electricidade, bono de alimentos e bono de hixiene por non achegar a documentación preceptiva. Art. 19.1 do Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS), "... Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos aludidos anteriormente, requirirase á persoa interesada para que (...) no prazo do 10 días, enmende a falta ou achegue os documentos perceptivos, con indicación de que se non o fai, se lle terá desistido da súa petición..."	

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Dinamización social :**

O sábado día 6 de abril ás 19:00 no Conservatorio Municipal de Música O Burgo , a Área de Benestar social ten programado o *Encontro de Corais de primavera*, con carácter de intercambio musical. Participan neste evento : a Coral do Centro Cívico do Castrillón de A Coruña, o Coro A Baiuca de Arteixo, a Coral Polifónica de Noia e , como anfitriona, a Agrupación Musical Voces Veteranas de Culleredo. Cada unha delas interpretará catro cancións con temática libre.

2.AREA DE SANIDADE:

****Fomento da solidariedade en saúde**

A Concellaría de sanidade colabora coa asociación cullerdense Alcer (Asociación de loita contra as enfermidades do ril) no desenvolvemento do *Proxecto Salvavidas 2019*. A iniciativa, encadrada no proxecto municipal de fomento da solidariedade en saúde, levarase a cabo nos seguintes centros escolares:

- CEIP Isaac Díaz Pardo: o día 1 de abril de 2019, nos niveis de 3º e 5º de Educación primaria.
- CEIP Ría do Burgo: o día 8 de abril, no nivel de 5º de Educación primaria.

Salvavidas é unha iniciativa de educación para a saúde que promove na poboación escolar a solidariedade cara a doazón de órganos. 180 alumnos e alumnas recibirán formación ao respecto."

Código do documento	Código do expediente
USG13I00BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
462W 7130 5X2E 075P 0BCF	

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

A) ACTIVIDADE: O mundo das abellas.

Programa: Educación ambiental.

Datas: 1, 2, 3, 4 e 5 de abril.

Horario: ás 9:45 h e as 12:30 h.

Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Ría do Burgo, CEIP Vila de Rutis, CEIP Díaz Pardo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 4º de EP.

Nº participantes: 220.

Lugar: Aula de Natureza e Xardín Botánico.

B) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 4 de abril (7ª sesión).

Horario: de 09:50 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP Vila de Rutis.

Curso: 3º- 4º EP.

Nº participantes: 16 + persoas maiores colaboradoras.

Lugar: Aula.

C) ACTIVIDADE: Eu non son cómplice: campaña contra o acoso escolar.

Programa: Educación para a convivencia. Plan municipal contra o absentismo escolar (actividade realizada conxuntamente coa Concellería de Benestar e Igualdade e coa de Seguridade).

Datas: 2, 3, 4, e 5 de abril.

Horario: de 11:40 a 13:20 h.

Centros participantes: CEIP Tarrío.

Curso: 5º de EP.

Nº participantes: 90 X 2 sesións.

Lugar: Aula.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 4 DE ABRIL

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:

Concerto didáctico de familias (organizado pola ANPA).

XOVES 4 DE ABRIL

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.

Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.

Entrada libre.

VENRES 5 DE ABRIL

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragona Ramona: *A noite das mudanzas*.

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 5 DE ABRIL

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:

Concerto do grupo AMIZADES.

Entrada libre ata completar aforo.

Código do documento	Código do expediente
USG13I00BI	USG/2019/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
462W 7130 5X2E 075P 0BCF	

SÁBADO 6 DE ABRIL

Igrexa nova de Tarrío. 19.30 h:

XXIV Certame de Canto Coral (26 aniversario da Coral Fonte do Souto).

Corais participantes:

- Coral Santa Baia de Mondariz (Pontevedra)
- Orfeao de Vagos (Portugal)
- Coral Alecrín de Brión (Ferrol)
- Coral Fonte do Souto (Culleredo).

CAMPAMENTO DE PRIMAVERA
EXPLORA CON NÓS.

Partindo da temática da exploración, desenvolveranse actividades de educación ambiental, hábitos de vida saudable, xogos no exterior, así como dinámicas de promoción da igualdade e coñecemento do medio máis próximo. Realizaráanse obradoiros de reciclaxe e diferentes xogos que lles de aos nenos e nenas a oportunidade de coñecer as súas inxedanzas como exploradores e exploradoras.

A metodoloxía será lúdica e baseada na participación activa dos nenos e nenas.

Desenvolveranse os días 15, 16, 17 e 22 de abril de 2019, nas instalacións do CEIP "Isaac Díaz Pardo" do Burgo.

Están dirixidos a nenos/as de entre 3 e 12 anos.

Ten opción de almorzo e/ou xantar.

As inscricións realizaranse do 1 ao 5 de abril no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

Terán preferencia os empadroados en Culleredo.

A oferta é de 80 prazas."

C.I.F. P-1503100-H

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)